

# MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DIRECCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS EQUINAS DO RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA

## I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de deportes, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

## II. Antecedentes

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG) constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, consonte a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Entre os seus fins, constan nos seus Estatutos promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores; reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos





sectoriais de ámbito estatal e internacionais; o impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

A Fundación Semana Verde de Galicia é o ente que xestiona o maior Recinto Feiral da Comunidade Autónoma, a Feira Internacional de Galicia, no que se celebrarán importantes eventos o longo do ano 2025. Estes, sen dúbida, contribuirán a potenciar os intercambios comerciais entre empresas da rexión e entidades de outras comunidades, así como doutros países e continentes, nunha clara aposta pola proxección internacional da Provincia e da Comunidade.

Así mesmo, impulsarase a celebración de eventos divulgativos e outros de similar natureza, que repercutirán positivamente no desenvolvemento e avance socioeconómico de Galicia.

En cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación estableceu relacións coa Federación Hípica Galega, co ánimo de definir posibles vías de colaboración que permitan a celebración de actividades deportivas e formativas no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económica así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

A hípica é, a día de hoxe, un dos grandes deportes de Galicia, cunha evolución en positivo só lastrada pola falta de grandes instalacións deportivas para a súa práctica.

A Federación Hípica Galega quere ampliar as posibilidades de crecemento deste deporte en Galicia cubrindo as carencias infraestruturais que condicionan esa positiva evolución, e plantea dotar á Comunidade dunha instalación deportiva de calidade para a práctica de disciplinas ecuestres que permitan optar á organización de Campionatos de España, celebrar probas de carácter internacional e converterse en centro de formación e tecnificación para adestradores e deportistas.





O momento doce da hípica en Galicia non se corresponde coa realidade que vive a nosa comunidade no que atinxe á cantidade e calidade das instalacións deportivas híxicas. De aí a importancia estratéxica dunha infraestrutura que permitiría á Federación Hípica Gallega avanzar nos tres obxectivos prioritarios autoimpostos a curto-medio prazo pola entidade: mellorar a formación dos/as nosos/as deportistas; garantir o benestar dos cabalos (a Federación será pioneira en España coa posta en marcha dunha vogalía específica dedicada ao control do benestar dos cabalos de escola e competición), e aumentar a presenza de Galicia na competición de alto nivel.

Así, o centro permitiría albergar eses proxectos deportivos de competición, dotaría á federación dun escenario de seu para formación e tecnificación (claves para sentar posición), e contribuiría a impulsar deporte que é a demais un potente motor económico.

Por último, dispor con estas instalacións de calidade, que permitan acoller concursos atractivos e de primeiro nivel. permitiría facer realidade o empeño da Federación de converterse en punto de unión das federacións do centro e norte de España e máis de Portugal, facilitando o fluxo de deportistas nas dúas direccións, brindando alternativas aos nosos deportistas de disciplinas como o salto ou a doma, é dicir, ao 90 % dos practicantes.

As infraestruturas da Feira Internacional de Galicia reúnen as condicións idóneas para poder converterse en referente da hípica galega, tanto por localización como por potencial

As instalacións híxicas do recinto da Feira Internacional de Galicia sitúanse no interior del Recinto Feiral da Fundación en Silleda (Pontevedra), na zona gandeira situada na Entrada de Gandería.

Conta cun Ring Principal que ten unha superficie útil de 8.500 m<sup>2</sup>, cun aforo máximo de 34.000 persoas, e cunha grada que permite acoller a 1.500 persoas baixo unha superficie cuberta e outras 800 o aire libre, contando con herba natural.

Ademais, dispón dunha Pista de Quecemento o Ring Anexo cunha superficie de area de 4.100 m<sup>2</sup>. E unha zoa de Caballerizas que dispón de 92 boxes sobre unha superficie bruta de 1.586 m<sup>2</sup> cun aforo máximo de 2.620 persoas.





Sen embargo, hai que ter en conta que os cabalos son deportistas de alto nivel e as pistas de hoxe en día, para albergar concursos de primeira orde, preservando o benestar e evitando lesións aos cabalos e xinetes, deben alcanzar uns altos niveis de calidade.

Por elo, sería preciso levar a cabo unha intervención prioritaria e imprescindible consistente na remodelación completa e a fondo das pistas de competición para adecualas ás esixencias actuais.

A obra máis importante a executar é a remodelación completa da pista verde e o rea condicionamento da pista actual de area. Ademais, a Federación Hípica Galega encargárase directamente de executar con anterioridade unha obra menor de posta a punto de espazos, e adquirir a maquinaria necesaria para o mantemento das pistas. O resultado final será unha pista de area e geotextil con sistema de rego e desaugadoiro.

Disporíase así dunha pista de última xeración que aportarían unha serie de vantaxes fundamentais no que atinxe á calidade, seguridade e aproveitamento, permitindo o seu uso, aínda en exterior e cun clima como o galego, practicamente durante todo o ano. Para isto, incorporaría un sistema de rego interior que aporta ao chan agarre, elasticidade e, en consecuencia, confortabilidade para o cabalo. Conséguese coa mestura de diferentes fibras con area moi específicas de micro sílice. Así mesmo, a gran vantaxe do rego interior fronte ao aéreo reside en que non hai perda de auga por vento -reducindo o consumo de auga-, e garante a homoxeneidade da humidade en toda a pista, de modo que a pisada do cabalo será a mesma en toda a superficie, obtendo o mesmo rebote, e a mesma amortiguación.

A Federación Hípica Gallega contan cunha ampla experiencia na organización de Competicións hípicas e de formación en todas as disciplinas que a integran, especialmente en Salto de obstáculos e en Doma clásica, que aglutinan o 90% dos practicantes.

A contrastada experiencia da Federación Hípica Galega constitúe a mellor garantía para poder levar a cabo un plan de xestión realizable para o máximo aproveitamento das instalacións hípicas que comprendería:





●Xuño 2026: Celebración durante a 48ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia (4 ó 7 de Xuño de 2026) de:

- Concurso de Saltos Nacional 4 estrelas
- Inauguración oficial do Centro Hípico de Alto Rendemento

●Xullo 2026:

- Campionato e Copa Galega de Doma clásica con cabalos e concurso Nacional de Doma clásica.
- Campionato e Copa Galega de Doma clásica con ponis

●Agosto 2026:

- Campionato e Copa Galega de Saltos de obstáculos con cabalos
- Campionato e Copa Galega de Saltos de obstáculos con ponis

●Entre Maio e Decembro de 2026: Posta en marcha do

- Centro de formación e reciclaxe de xuíces e técnicos
- Centro de tecnificación da Federación Hípica Gallega para as categorías de menores nas disciplinas de Saltos con obstáculos e Doma clásica
- Centro de entrenamentos programados a disposición dos 60 clubs que forman parte da Federación Hípica Gallega
- Centro de entrenamentos programados dos criadores de cabalos de deporte que forman parte da Federación Hípica Gallega.

●Año 2027 e posteriores: Ás actividades descritas para o 2026 sumaranse outros concursos e proxectos entre os que cabe destacar

- Tres concursos de saltos nacionais 2 estrelas
- Concurso nacional de Doma clásica
- Concurso de Saltos Internacionais – Circuito Luso – Galaico





- Copa Ástur – Galaica de Saltos de obstáculos

### **III. Finalidade**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

### **IV. Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Semana Verde de Galicia para sufragar os gastos da redacción do proxecto técnico e de dirección das obras de mellora das instalacións equinas do recinto da Feira Internacional de Galicia, obras prioritarias e imprescindibles para adecuar as pistas de competición existentes ás esixencias actuais e deste xeito poder contar cunha instalación deportiva de calidade para a práctica de disciplinas ecuestres que permitan optar á organización de Campionatos de España, celebrar probas de carácter internacional e converterse en centro de formación e tecnificación para adestradores e deportistas

### **V. Actuación da subvención**

Redacción do Proxecto Técnico e Dirección das obras de mellora das instalacións equinas do recinto da Feira Internacional de Galicia.

### **VI. Fundamentos do convenio**

A Fundación Semana Verde de Galicia manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para sufragar os gastos da redacción Proxecto Técnico e Dirección das obras de mellora das instalacións equinas do recinto da Feira Internacional de Galicia.

A solicitude fundaméntase na necesidade de levar a cabo unha intervención prioritaria e imprescindible, nas instalacións equinas do Recinto Internacional de Galicia, permitiría reforzar a posición estratéxica de Galicia a nivel deportivo, social e económico e que consistente na





remodelación completa e a fondo das pistas de competición para adecualas ás esixencias actuais. O Orzamento das inversións nas instalacións equinas terían un custo total de 502.029 € IVE incluído, dos cales 18,029 € corresponderíanse ao Proxecto técnico e dirección das obras e 484.000 € as obras de mellora das instalacións equinas. Debido ao elevado custo económico da inversión a Fundación Semana Verde solicitou a colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes , a través dunha achega económica.

A Fundación Semana Verde de Galicia manifestou necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia para o financiamento do Proxecto Técnico e Dirección das obras de mellora das instalacións equinas do recinto da Feira Internacional de Galicia dunha subvención polo 100% do importe do proxecto que ascende á cantidade de **18.029 €** euros ( IVE incluído)

A falta de recursos da Fundación Semana Verde para poder acometer as devanditas actuacións, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade de afrontar os compromisos económicos que a execución da actuación obxecto de subvención representa para a Fundación.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para ampliar as posibilidades de crecemento da hípica en Galicia cubrindo as carencias infraestruturais que condicionan unha evolución positiva dotanto á Comunidade Autónoma dunha instalación deportiva de calidade para a práctica de disciplinas ecuestres que permitan optar á organización de Campionatos de España, celebrar probas de carácter internacional e converterse en centro de formación e tecnificación para adestradores e deportistas.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada pola Fundación Semana Verde de Galicia e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz na remodelación completa e a fondo das instalacións deportivas sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da Fundación Semana Verde de Galicia.





Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

### **VII. Importe e aplicación orzamentaria**

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade de DEZAOITO MIL VINTE E NOVE EUROS (**18.029€**), con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.781.0** (código de proxecto 2015 00121 Convenios con entidades sen ánimo de lucro) Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

**VIII.** Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

